

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada AC-414 que na actualidade é un resto da AC-418, o cal se inicia no p.q. 9 + 170 e remata no p.q. 9 + 390, a prol do Concello de Malpica de Bergantiños.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco López Rodríguez como director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.
- Decreto polo que se nomea director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos a Francisco López Rodríguez.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se aproba o Plan de Conservación do Espazo Privado de Interese Natural Sobreiras do Faro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e as federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións galegas, co fin da realización por parte destas das actuacións, funcións e tarefas que, conforme a Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade cun

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

investimento total de catro millóns cincocentos cincuenta e catro mil novecentos oitenta e oito euros con noventa e cinco céntimos (4.554.988,95 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilamarín, para a execución das obras de infraestruturas hidráulicas e melloras dotacionais. Concello de Vilamarín (Ourense)", clave OH.332.771, por importe de oitocentos un mil novecentos corenta e seis euros con cincuenta e sete céntimos (801.946,57 €).
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía máxima de setecentos oitenta e catro millóns catrocentos noventa e sete mil cento vinte e un euros (784.497.121 €) -541.725.492 euros constantes - superior a 4.000.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 43 da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, correspondente ao expediente de contratación de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía da Costa da Morte. Clave AC/10/140.01.75.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, en relación coas axudas convocadas no anexo I da Orde da Consellería de Economía e Industria pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes ao Programa Isidro Parga Pondal, no marco das accións de formación de investigadores do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, e se procede á súa convocatoria, por importe de un millón trescentos oitenta e cinco mil euros (1.385.100,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.
- Acordo polo que se autorizan o compromiso plurianual derivado da convocatoria do programa do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) de bolsas de formación en promoción exterior, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, a superación das porcentaxes e a eximente de constitución de garantías nos pagamentos á conta e nos pagamentos anticipados, por importe de trescentos oitenta e un mil euros (593.500,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Fundación CEAGA, para a posta en marcha, no ano 2010, do Plan Estratéxico do Sector de Automoción en Galicia (PESA), por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

importe de un millón cento sesenta e un mil oitocentos catorce euros (1.161.814,00 €).

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre o extinto Ministerio de Educación e Ciencia e a extinta Consellería de Innovación e Industria, para financiar a construción das instalacións, do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia, para a construción de instalacións do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, por importe de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o plan de apoio á implantación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), por un importe total de doce millóns setecentos cincuenta e seis mil catrocentos vinte e seis euros (12.756.426,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de São Paulo, para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e sete mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (57.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, por un importe máximo de trinta e nove mil douscentos doce euros con corenta e seis céntimos de euro (39.212,46 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Sarria, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Compostela, no espazo público de Barbadelo, por un importe total de douscentos oitenta mil noventa e catro euros con setenta e cinco céntimos (280.094,75 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade Asociación Galega San Francisco (AGASFRA), para contribuír ao mantemento dos servizos que presta a través dos centros de atención ás persoas con discapacidade da súa titularidade, por unha contía de dous millóns cento vinte e sete mil trescentos cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (2.127.350,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa-Crecente, para contribuír ao mantemento do servizo que presta a través do Centro Residencial Asistencial Nuestra Señora de Fátima y Cristo Rey, por unha contía de un millón trinta e oito mil catrocentos corenta e un euros con sesenta céntimos (1.038.441,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga dos contratos mediante concerto da reserva e ocupación de prazas en centro de día para persoas con discapacidade (exp. PA 3/2010), por un importe de tres millóns novecentos vinte e seis mil cento sesenta euros (3.926.160,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga dos contratos mediante concerto da reserva e ocupación de prazas en centro ocupacional para persoas con discapacidade (exp. PA 4/2010), polo importe de dous millóns catrocentos oitenta e cinco mil catrocentos setenta e seis euros (2.485.476,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á primeira prórroga dos contratos mediante concerto da reserva e ocupación de prazas en centro residencial con centro de día para persoas con discapacidade (exp. PA 116/09), por un importe de seis millóns douscentos setenta e catro mil seiscentos trinta e catro euros con oitenta e oito céntimos (6.274.634,88 €)

INFORMES**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a reordenación de pacientes con trastorno mental persistente.

CONSELLERÍA DO MAR

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Informe sobre os resultados da campaña (costeira) do bonito do norte. Galicia 2010.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO LIBRO, BIBLIOTECAS E ARQUIVOS

- *A Consellería de Cultura e Turismo promove a modificación da súa estrutura para adecuarse á importancia estratéxica do sector do libro en Galicia. A nova Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos encargarase da xestión da rede de bibliotecas e arquivos de Galicia, que terán a súa cabeceira na Cidade da Cultura*
- *O Diario Oficial de Galicia publicará mañá día 24 de decembro o decreto de creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, que estará plenamente operativa a partir do 1 de xaneiro de 2011*
- *O Consello da Xunta aprobou ademais o nomeamento de Francisco López Rodríguez como director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de creación da nova Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, dependente da Consellería de Cultura e Turismo. A modificación na estrutura da Consellería de Cultura e Turismo pretende adecuar o seu organigrama e operatividade á importancia estratéxica do sector do libro en Galicia.

A nivel estrutural, o decreto aprobado hoxe supón a supresión da actual Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, e a creación da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos. A nova dirección xeral encargarase ademais da xestión da rede de bibliotecas e arquivos de Galicia, que terán a súa cabeceira na Cidade da Cultura.

Tras ser aprobado polo Consello da Xunta, o decreto será publicado no *Diario Oficial de Galicia* mañá día 24 de decembro, o que permitirá a inminente posta en funcionamento da nova Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos. A Consellería de Cultura e Turismo fai coincidir esta modificación no seu organigrama coa finalización do presente exercicio de cara a facilitar a tramitación dos expedientes da nova dirección xeral a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Do mesmo xeito, o Consello da Xunta aprobou o nomeamento de Francisco López Rodríguez como novo director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos. O seu nomeamento está previsto que sexa publicado no *Diario Oficial de Galicia* o próximo venres 24 de decembro e a toma de posesión terá lugar o vindeiro luns día 27 de decembro. O decreto de desenvolvemento da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, en que se establece a súa estrutura e se definen as súas funcións no futuro, será elevado a un próximo Consello da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA ENTREGA AO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS UN TREITO SEN USO DA ANTIGA ESTRADA CARBALLO-MALPICA PARA INSTALAR UNHA OFICINA DE TURISMO**

- *Trátase dun treito de 220 metros de lonxitude que ten o seu inicio no p.q. 9+170 e o seu remate no p.q. 9+390 da mesma estrada, preto da glorieta coa estrada AC-422*
- *O concello solicitou o cambio de titularidade desta vía co obxecto de instalar unha oficina de turismo aproveitando un dos carrís, de xeito que o outro funcionaría a modo de vía de servizo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a cesión por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dun tramo da antiga estrada Carballo-Malpica (AC-414) ao concello coruñés de Malpica de Bergantiños para instalar unha oficina de turismo. Concretamente, refírese a un treito de 220 metros de lonxitude que na actualidade só é un resto sen uso que ten o seu inicio no p.q. 9+170 e o seu remate no p.q. 9+390 da mesma estrada, preto da glorieta coa estrada AC-422.

Actualmente as conexións entre Carballo e Malpica fanse a través da estrada AC-418 pertencente á rede primaria básica; queda a estrada AC-414 como restos, pero mantense a súa denominación. Por iso, o concello solicitou o cambio de titularidade desta vía co obxecto de instalar unha oficina de turismo aproveitando un dos carrís dos restos da estrada, de xeito que o outro funcionaría a modo de vía de servizo.

Pola súa parte, o Concello de Malpica de Bergantiños comprométese a levar a cabo todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria ou calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular delas.

Cómpre precisar que a entrega da vía se formalizará, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Cesión regulada

Segundo se recolle no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería con competencias na materia e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outro lado, o artigo 54 deste texto legal establece que as estradas autonómicas ou os seus treitos determinados, en que a circulación adquira características urbanas, entregaráselles aos respectivos concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO ESPAZO PRIVADO DE INTERESE NATURAL SOBREIRAS DO FARO, NO CONCELLO DE OIA

- *A extensión e límites deste EPIN abrangue unha superficie total de 6,78 hectáreas, localizadas no Monte Veciñal en Man Común Pousiño e Faro*
- *No tocante á vexetación pódense diferenciar dous estratos arbóreos principais, un constituído por unha masa practicamente pura de sobreira e o outro de carballo*

O Consello da Xunta aprobou o Plan de Conservación do Espazo Privado de Interese Natural (EPIN) Sobreiras do Faro, localizado no concello pontevedrés de Oia, declarado de forma provisional mediante a Orde do 18 de febreiro de 2008.

Durante a declaración provisional, e como requisito imprescindible para a súa aprobación definitiva, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Viladesuso tivo que presentar ante a Consellería do Medio Rural o plan de conservación do espazo. Tras reunir todos os requisitos, procedeuse á súa aprobación.

Límites

A extensión e límites do EPIN Sobreiras do Faro abrangue unha superficie total de 6,78 hectáreas, localizadas no Monte Veciñal en Man Común Pousiño e Faro. Este pertence aos veciños da parroquia de Viladesuso, no concello pontevedrés de Oia. Inclúe no seu territorio ata un total de sete encravamentos pertencentes a outros propietarios, o que supón unha superficie encravada de 2,94 ha (que queda fóra do ámbito do EPIN), sendo o conxunto do total de 9,72 ha.

Plan de conservación

Este plan ten como finalidade establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación deste EPIN, de acordo cos criterios establecidos nas normativas que rexen a xestión dos espazos naturais e da biodiversidade, a nivel nacional e autonómico.

O plan de conservación proposto pola comunidade propietaria e aprobado mediante este Decreto, recolle aproveitamentos produtivos neste espazo, que serán: o madeireiro, resultante das cortas sanitarias e de mellora; a recollida selectiva de aromáticas e a gandaría extensiva. Por outra banda, fomentarase o uso sociorecreativo do monte veciñal coa adecuación nos lugares apropiados de áreas recreativas, fontes, miradoiros, sinalización de sendeiros e instalación de paneis informativos.

Vexetación e fauna

Na vexetación do EPIN pódense diferenciar dous estratos arbóreos principais, un constituído por unha masa practicamente pura de sobreira (*Quercus suber*) e outro de carballo (*Quercus robur*), con presenza de *Quercus suber* e outras frondosas ripícolas debido á súa proximidade co río Vilardesuso. Ademais, e de xeito ocasional, aparecen

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mesturados pés illados ou pequenos bosquetes de monte bravo de *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*.

Entre os animais, os grupos con maior contribución de especies de interese corresponde aos anfibios, réptiles, mamíferos e aves. Destacan quince especies de *herpetos* (anfíbios e réptiles) que se atopan tipificadas na categoría de interese especial no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas (CNEA). Entre as aves, destacan a laverca totovía (*Lullula arborea*), o morcego orelludo (*Pyrrocorax pyrrocorax*) e o aguiacho pálido (*Circus cyaneus*) catalogada esta última como vulnerable no Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), ao igual que o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*), o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*) e o morcego rateiro grande (*Myotis myotis*).

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS ÁS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS NO ANO 2011

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as 59 federacións deportivas existentes en Galicia*
- *Por primeira vez os convenios terán tramitación anticipada de gasto, o que posibilitará un máis rápido cobramento das axudas por parte de cada unha das entidades deportivas beneficiarias*
- *Esta medida de optimización na xestión pretende compensar o recorte que, dada a actual conxuntura económica, ocasiona a minoración nesta partida orzamentaria*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e as federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica para o ano 2011. Así, segundo se establece no acordo aprobado hoxe, a Xunta destinará un total de 4.554.988 euros á colaboración coas federacións deportivas galegas no ano 2011.

Deste xeito, a Xunta asinará con cada unha das 59 federacións deportivas existentes na comunidade os distintos convenios que prevén o desenvolvemento das competicións, a participación das seleccións autonómicas, o fomento do deporte feminino e da respectiva modalidade deportiva entre persoas con discapacidade, o fomento do deporte base, a tecnificación (concentracións, competicións, xornadas de formación técnica e programas de adestramento especializados para o perfeccionamento técnico-táctico), a actividade deportiva en idade escolar e outros proxectos de especial relevancia no ámbito das distintas federacións deportivas.

Tramitación anticipada do gasto

Segundo se establece no acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta, por primeira vez os convenios de colaboración coas federacións deportivas tramitaranse con anticipación de gasto, o que posibilitará un máis rápido cobramento das axudas por parte de cada unha das entidades beneficiarias (prevese que o primeiro cobro se poida realizar xa no mes de xaneiro). Esta medida de optimización na xestión pretende compensar o recorte que, dada a actual conxuntura económica, ocasiona a minoración da partida orzamentaria que, de forma anual, a Secretaría Xeral para o Deporte destina aos convenios federativos.

A esta medida súmanse outras igualmente encamiñadas a minimizar, na actividade federativa, os efectos da actual situación económica, como pode ser a determinación do sistema de anticipos que, para o próximo 2011, se establece en dous. Así, todas as medidas recollidas nos convenios que se subscribirán coas distintas federacións deportivas galegas está encamiñadas a garantir o normal desenvolvemento da actividade federativa para o ano 2011.

OS VECIÑOS DE VILAMARÍN CONTARÁN CON MELLORES INFRAESTRUTURAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN GRAZAS AO ACORDO APROBADO POLO CONSELLO DA XUNTA ENTRE O CONCELLO OURENSÁN E A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- *Esta actuación contará cun investimento de máis de 800.000 euros, repartidos en dúas anualidades, correspondendo a de 2011 a uns 250.000 euros e máis de 551.000 euros para o exercicio de 2012. O Goberno galego fornecerá o 100 % da achega*
- *Con esta actuación dotaranse de servizos de saneamento e depuración de augas residuais distintos núcleos como son: Borulfe, Sobreira, As Quintás Vilamarín, a estrada de Gosende, Bouzafría, Crecedur, A Pena e O Pereiro*
- *As obras establecen a construción dunha depuradora no núcleo de Borulfe, a eliminación de fosas sépticas e a construción de canalizacións para redes de saneamento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración técnico-financeira entre o concello ourensán de Vilamarín e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co fin de levar a cabo a obra de mellora de infraestruturas hidráulicas. Esta actuación contará cun investimento de máis de 800.000 euros, repartidos en dúas anualidades, correspondendo a de 2011 a uns 250.000 euros e máis de 551.000 euros para o exercicio de 2012.

Con esta actuación dotaranse de servizos de saneamento e depuración de augas residuais distintos núcleos deste municipio da provincia de Ourense como son: Borulfe, Sobreira, As Quintás Vilamarín, a estrada de Gosende, Bouzafría, Crecedur, A Pena e O Pereiro.

As obras definidas no proxecto consisten na instalación dunha planta compacta para a depuración de augas fecais do núcleo de Borulfe con capacidade para 500 habitantes co seu correspondente bombeo de cabeceira. Ademais, proxéctase a ampliación da rede de saneamento no lugar de Sobreira mediante 266 metros de tubaxe de PVC e 9 pozos de rexistro.

No núcleo de Vilamarín colocarase a instalación de canalizacións de pluviais cos seus respectivos sumidoiros, pavimentos de formigón, lastro, beirarrúas e bordos. Así mesmo, procederase á dotación de servizos de abastecemento e saneamento en diversos puntos do núcleo de Vilamarín, en total, empregaranse 643 metros de tubo de PVC e 32 pozos de rexistros, entre outros materiais.

Prevese a eliminación de dúas fosas sépticas, unha nas Quintás e outra e Bouzafría, mediante a conexión coa rede de saneamento destas áreas, para iso precisaranse 564 metros de tubo de PVC con 23 pozos de rexistro nas Quintas e 483 metros de tubaxe de PVC con 18 pozos de rexistro na Bouzafría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No núcleo de Crecedur proxéctase a execución de rede de saneamento e a instalación dunha pequena depuradora para 30 habitantes. Tamén serán dotados de servizo de saneamento os núcleos da Pena, onde tamén se lograrán melloras no abastecemento mediante actuacións no depósito de alimentación e O Pereiro.

Trátase dun expediente tramitado ao abeiro do Decreto 84/1997, do 10 de abril, que prevé a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais. Mediante a dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

Compromisos do Concello

Cabe sinalar que o proxecto destas actuacións foi exposto ao público, mediante un anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* (BOP) do 18 de xaneiro deste mesmo ano, sen que se presentase ningunha alegación a el, polo que o pasado mes de outubro o concello de Vilamarín deu por aprobado o proxecto e a posta á disposición da Administración hidráulica de Galicia, libres de cargas e gravames, dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como de todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O GASTO PARA A EXECUCIÓN DA AUTOVÍA COSTA DA MORTE, QUE SUPORÁ UN AFORRO DE MÁIS DE 300 MILLONS DE EUROS RESPECTO DA ANTERIOR LICITACIÓN

- *A adxudicación será antes do verán do ano 2011*
- *O novo prego prevé unha redución do tempo de execución en tres meses e o prazo concesional en 5 anos*
- *Con este paso, demóstrase a capacidade de xestión da Xunta de Galicia ao conseguir tramitar unha nova licitación en 3 meses tras a renuncia do anterior proceso*
- *O orzamento de obra desta actuación elévase a 208,2 millóns de euros, dos cales 13,2 son para expropiacións*
- *O gasto total na infraestrutura, incluíndo o prazo de explotación e o pagamento dos xuros, ascende a 784 millóns de euros, 304 menos que no prego anterior*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o gasto para a execución da autovía Costa da Morte, polo que se dá un paso máis no cumprimento do compromiso por parte do Goberno galego para a execución desta infraestrutura. Esta actuación é considerada polo Executivo autonómico como primordial para resolver os problemas de capacidade viaria presente e futura para esta área, e mellorar a estrutura territorial de comunicacións da comarca.

Finalmente, o orzamento de obra é de 208,2 millóns de euros (IVE engadido), dos cales 13,2 son para expropiacións.

O departamento de Medio Ambiente publicou o pasado 3 de decembro no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) unha resolución pola que se facía público o seu estudo de viabilidade económica-financeira, que no período de información pública non recibiu ningunha alegación. Cabe sinalar que este estudo de viabilidade recolle o réxime de utilización e explotación da obra, a súa forma de financiamento e o réxime de pagamentos que rexerán a concesión, así como orientar aos futuros licitadores na presentación das súas ofertas.

O novo contrato de concesión de obra pública para a explotación e construción da autovía da Costa da Morte incorpora unha serie de melloras ao último expediente de licitación da concesión. A relación de melloras que redundarán nun interese público son as seguintes:

- Minoración do prazo de execución das obras en 3 meses

Na última licitación, o prazo máximo para a entrada en servizo da autovía era de 30 meses contados desde a data de notificación da adxudicación definitiva. Este prazo modifícase e pasa a ser de 27 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

En definitiva, a nova licitación implicará unha mellor rendibilidade e aproveitamento dos medios destinados á execución da obra, dado que se reduce o prazo de execución nun total de 3 meses.

- Redución do prazo concesional en 5 anos

Co obxectivo de acadar un aforro dos recursos públicos, establécese como axeitado a redución do prazo concesional en 5 anos, pasando de 30 a 25 anos de explotación da autovía por parte do adxudicatario e, en definitiva, procedeuse a unha reformulación do Plan Económico Financeiro da última concesión licitada.

- Modificación do sistema de contraprestación á sociedade concesionaria

A última licitación da concesión contaba cun sistema de constra prestación a favor da sociedade a través dun canon de demanda, en función do número de vehículos. Co obxecto de optimizar este sistema, a nova licitación contará cun canon de dispoñibilidade, que é en función de 21 indicadores de calidade do servizo.

Con esta modificación acadarase unha mellora da calidade do servizo do que se beneficiarán os usuarios da autovía e unha minoración do gasto.

A implantación das melloras mencionadas levan aparelado un novo escenario do novo Plan Económico e Financeiro da concesión. En comparación co licitado con data 18/12/2009, é o seguinte:

Hipótese	Pago	Duración	Suma de pagos correntes
Licitada o 18/12/2009	Peaxe en sombra	30 anos	1.089.305.902,96
Nova alternativa	Dispoñibilidade	20 anos	784.497.121,86
			304.808.781,10

A Consellería de Medio Ambiente sinala que as previsións para a tramitación que manexa a Xunta e que deben desembocar na execución desta obra son as seguintes:

- Licitación da concesión neste mesmo ano. Na actualidade estanse a ultimar os pregos de cláusulas administrativas particulares.
- Adxudicación do contrato de concesión, logo da valoración das ofertas presentadas, actuación que se levará a cabo antes do verán.
- Remate das obras dentro desta lexislatura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA INVISTE 1,3 MILLÓNS NA CONTRATACIÓN DE 15 INVESTIGADORES CON CARREIRAS CONSOLIDADAS POR PARTE DAS UNIVERSIDADES

- *O número de prazas convocadas corresponde coas demandas expresadas polas universidades en función da súa capacidade para absorber e manter estes profesionais*
- *As condicións da convocatoria equipáranse ás do programa análogo do Goberno central, que establece tramos de cofinanciamento por parte das universidades*

A Xunta de Galicia investirá 1,3 millóns de euros na incorporación de 15 científicos con carreiras consolidadas ao Sistema Galego de Innovación. O cofinanciamento da súa contratación por parte das universidades galegas tramitarase mediante a próxima convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do Programa Isidro Parga Pondal, segundo se aprobou esta mañá na reunión do Consello.

Esta iniciativa de recursos humanos permitirá a contratación durante tres anos de 15 doutores que xa teñan acreditada unha formación investigadora en organismos científicos estatais ou estranxeiros.

A convocatoria responde ao compromiso adquirido pola Consellería de Economía e Industria de sacar novas prazas para investigadores antes do remate de 2010, co engadido de ter sido consensuada e definida coas universidades para contribuír a un modelo correctamente dimensionado en función da capacidade de absorción do Sistema Galego de I+D+i.

As universidades galegas recibirán unha axuda bruta por traballador de 34.200 euros para facerlle fronte aos custos laborais do primeiro ano. A principal novidade desta convocatoria é que as universidades deberán cofinanciar os contratos nunha porcentaxe do 10% e do 20% na segunda e terceira anualidade, respectivamente. Desta maneira, a liña de apoio á contratación de doutores da Xunta adopta un esquema similar ao programa análogo do Ministerio de Ciencia e Innovación, o Ramón y Cajal, que estableceu tramos de cofinanciamento cos centros contratantes desde a súa primeira convocatoria.

Os candidatos e candidatas a seren contratados/as baixo esta modalidade deben ter obtido o seu título de doutor entre os anos 2000 e 2008 e ter realizado estadias de investigación posdoutorais en universidades ou en centros de investigación de fóra de Galicia durante un período mínimo de 24 meses.

A Xunta de Galicia leva investidos un total de 28 millóns de euros en recursos humanos no sistema galego de investigación e innovación, o que demostra a forte implicación e aposta do Goberno galego neste eido. Esta aposta, como ocorre con esta convocatoria,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

será en todo momento consensuada e definida cos centros destinatarios para obter un sistema dimensionado correctamente.

O Goberno da Xunta ten como un dos seus retos e obxectivos máis inmediatos a xestión axeitada do talento investigador e innovador como elemento fundamental para garantir os niveis de excelencia e competitividade necesarios. Por este motivo, o novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 prevé unha forte aposta polos recursos humanos en investigación, desde a predoutoral ata a posdoutoral e con especial énfase na súa posterior consolidación.

O NOVO PLAN DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA XUNTA GARANTE O IMPULSO Á COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO DA ECONOMÍA GALEGA

- *A prioridade establecida no Plan para a nova política de I+D+i da Xunta é dispor os recursos necesarios e promover as relacións necesarias para que o coñecemento xerado polos axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación xere riqueza económica, solucionando así unha eiva importante das políticas asociadas ao Plan que agora remata a súa vixencia*
- *O plan reflicte que a formación de recursos humanos constitúe un dos activos prioritarios, e mantense unha aposta sen fisuras pola formación de profesionais capaces de involucrarse na creación de valor no tecido produtivo*
- *Este cambio permitirá afrontar o novo exercicio baixo os parámetros de estabilidade e eficacia para acelerar a transición cara a un modelo baseado no coñecemento que implica unha forte aposta pola innovación na empresa*
- *O documento recolle 5 retos, 10 eixes estratéxicos e 68 liñas de actuación para configurar o núcleo de acción dun novo modelo baseado na investigación e o desenvolvemento e orientado directamente ao crecemento en termos de produtividade e competitividade económicas*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao novo Plan de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 elaborado pola Consellería de Economía e Industria que, dotado cun orzamento inicial para o vindeiro ano de 192 millóns de euros e co compromiso de que no 2012 e sucesivos anos en ningún caso se establezan contías inferiores, ten o obxectivo de impulsar a competitividade da economía galega nun ámbito global e innovador para acadar uns niveis de produtividade que contribúan ao crecemento de Galicia e garantan un modelo social baseado no coñecemento e no benestar.

Engarzado co Plan Estratéxico de Galicia e conectado coa estratexia da UE de acadar un investimento do 3% do PIB neste eido no 2020, o novo Plan Galego reflicte unha clara e contundente aposta da Xunta pola investigación e a innovación, ademais de instaurar un cambio de modelo que pasa por extremar a eficacia dos investimentos, cunha xestión onde se extremen os mecanismos de control dos recursos públicos de cara a garantir o retorno dos investimentos e a súa capacidade para xerar riqueza.

A prioridade establecida no Plan para a nova política de I+D+i da Xunta é dispor os recursos necesarios e promover as relacións necesarias para que o coñecemento xerado polos axentes do Sistema Galego de Investigación e Innovación sexa posto en valor -en termos económicos- polos propios axentes en primeiro termo, solucionando así unha eiva importante das políticas asociadas ao Plan que agora remata a súa vixencia.

Esta prioridade permitirá afrontar o novo exercicio baixo os parámetros de estabilidade e eficacia para acelerar a transición cara a un modelo baseado no coñecemento que implica unha forte aposta pola innovación na empresa para superar as eivas en termos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de eficiencia e eficacia do antigo plan, en que as liñas de actuación non respondían ás necesidades reais do Sistema Galego de I+D+i.

O novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento resolverá, en primeiro lugar, os problemas derivados dunha escasa atención á creación de valor e á explotación económica dos resultados da investigación. Mediante liñas de actuación especificamente dirixidas á empresa darase soporte ao aumento da competitividade económica con base na innovación, e no que se refire ao sistema público de I+D+i, o acento porase na optimización da transferencia de resultados da I+D ao sector produtivo, o que reverterá directamente no aumento dos seus recursos propios para continuar o seu labor científico.

Conexión e transferencia

Por este motivo, respondendo ao obxectivo de acelerar a transición ata un modelo económico baseado na xeración de coñecemento, o Plan reflicte que a formación de recursos humanos constitúe un dos activos prioritarios na tarefa da transferencia de resultados para gañar en competitividade, e mantense unha aposta sen fisuras pola formación de profesionais en todas as etapas capaces de involucrarse na creación de valor e mais no fornecemento dun modelo sustentable para a I+D+i galega a través de liñas de actuación para a xestión do talento e a consolidación de grupos de referencia para que o investimento público reverta en crecemento empresarial baseado no coñecemento transferido para producir innovación.

O documento establece unha serie de retos relativos a talento, investigación, innovación-crecemento empresarial e cambio do modelo, que se traducen en dez eixes estratéxicos (xestión do talento, consolidación de grupos de referencia, sistema integral de apoio á investigación, valorización do coñecemento, a innovación como motor de crecemento, internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación, modelo de innovación nas administracións, programas sectoriais, proxectos singulares, e difusión e divulgación) con 68 liñas de actuación que configuran o núcleo de acción dun novo modelo baseado na investigación e o desenvolvemento e orientado directamente ao crecemento en termos de produtividade e competitividade económicas.

Hai que destacar que o novo Plan, na procura irrenunciable de avanzar e impulsar as sinerxías entre os axentes do Sistema Galego de I+D+i recolle o apoio a proxectos singulares en tres campos de coñecemento con especial proxección desde o ámbito universitario galego, como son as tecnoloxías e as ciencias da vida, centrado na potencialidade investigadora concentrada no Campus Vida da USC; as ciencias do Mar, relacionado co potencial do Campus do Mar liderado pola Universidade de Vigo; e a ciencia e tecnoloxía forestal, dada a súa importancia para Galicia.

Ademais, a estratexia non esquece, no ámbito da innovación empresarial, os programas sectoriais que definen as áreas de coñecemento e competitividade en que Galicia ten un maior potencial (saúde, alimentación, agricultura, pesca e biotecnoloxía, TIC,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción, enerxía, ambiente, transporte, seguridade, ciencias socioeconómicas e humanidades, turismo, e construción e enxeñaría civil).

O documento aprobado hoxe polo Consello da Xunta recolle tamén como elemento diferenciador co anterior plan a avaliación continua de resultados a todos os niveis, con mecanismos de control e sistematización dos seus resultados para valorar a súa repercusión no sistema galego de I+D+i co obxectivo de converter o plan nunha ferramenta práctica e dinámica para garantir a flexibilidade e capacidade de reacción necesarias nun contexto exixente.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 593.500 EUROS Á CONVOCATORIA POLO IGAPE DE 16 BOLSAS DE PROMOCIÓN EXTERIOR

- *O prazo para a presentación de solicitudes polos interesados abrirase unha vez que se publiquen no Diario Oficial de Galicia as bases da convocatoria*
- *O obxectivo é facilitar a especialización de novos titulados en comercio exterior e na internacionalización empresarial*
- *Os bolseiros realizarán prácticas encamiñadas á detección de potenciais investidores estranxeiros e captación de investimentos, así como á busca de oportunidades de negocio e investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.*

A consellería de Economía e Industria destinará 593.500 euros á convocatoria de 16 bolsas de promoción exterior, segundo a autorización que aprobou o Consello da Xunta. Os bolseiros realizarán prácticas referidas á captación de investimentos cara a Galicia ou á busca de oportunidades de negocio para as empresas galegas. O prazo para a presentación de solicitudes polos interesados abrirase unha vez que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* as bases desta convocatoria.

O obxecto destas axudas dirxese a formar especialistas no ámbito internacional á vez que realizan prácticas encamiñadas á captación de investimentos e expansión exterior da empresa galega, prácticas referidas á detección de potenciais investidores estranxeiros cara a Galicia, busca de oportunidades de negocio e investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

A Consellería de Economía e Industria, a través do Igage, impulsa deste xeito a formación de capital especializado no ámbito da internacionalización, co obxectivo de colaborar activamente, por outra parte, no necesario proceso de aceleración da proxección exterior do tecido empresarial galego, así como nos labores de detección e atracción de investimentos cara a Galicia.

A Xunta de Galicia promove a internacionalización do tecido empresarial galego mediante diferentes vías como as bases de apoio específicas publicadas polo Igage, con 11 liñas de apoio que mobilizaron este ano 1.400 solicitudes con investimentos ou gastos financiados en 35 millóns de euros, mediante a colaboración coas cámaras de comercio a través do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga); ou mediante o convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia para crear unha rede de ata 14 plataformas empresariais no exterior onde poderán completar a súa formación os bolseiros de promoción exterior da convocatoria que agora autoriza o Consello da Xunta e das que se fagan nos próximos anos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 1.161.814,00 EUROS A APOIAR O DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DA AUTOMOCIÓN

- *O Consello da Xunta autorizou un convenio entre o Igape e a Fundación Ceaga que regula unha iniciativa pioneira de colaboración pública e privada para situar o sector de automoción de Galicia nunha posición de liderado europeo en competitividade*
- *A iniciativa insírese no marco do plan re-Móvete Integral, un programa pioneiro a nivel nacional para prestar un apoio coherente e eficaz ao sector do automóbil no seu conxunto*

A Consellería de Economía e Industria destina 1.161.814,00 euros a apoiar, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), o desenvolvemento do Plan Estratéxico da Automoción de Galicia (PESA) 2007-2011, no marco dun convenio de colaboración coa Fundación Ceaga autorizou o Consello da Xunta de Galicia.

O convenio regula a colaboración da Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e a Fundación Ceaga para o desenvolvemento dunha iniciativa que constitúe un exemplo de coordinación público-privada e que ten como reto global o de situar o sector de automoción, de importancia estratéxica para Galicia, nunha posición de liderado europeo en competitividade, de xeito sustentable.

Os grandes obxectivos do PESA 2007-2011, que impulsa a Fundación Ceaga en colaboración co Igape, están centrados en actuacións de mellora da competitividade e a internacionalización, na procura de melloras en aspectos como facturación, produtividade, valor engadido ou extensión transversal das melloras prácticas de xestión empresarial. O novo convenio que autoriza agora o Consello da Xunta supón un paso máis no marco de colaboración do Igape cun sector fundamental para a economía de Galicia.

A colaboración insírese no marco Plan Integral re-Móvete 10, un programa pioneiro a nivel nacional para prestar, cunha dotación de 120 millóns de euros, un apoio coherente e eficaz ao sector do automóbil no seu conxunto, mediante iniciativas de apoio á planta ensambladora de vehículos do grupo PSA; á industria de compoñentes, que integran arredor de 80 empresas con máis de 21.000 traballadores; ao clúster da automoción (Ceaga), para favorecer a súa posición competitiva a nivel nacional e internacional; á innovación e a eficiencia enerxética no sector e ao desenvolvemento dun novo modelo de electro-mobilidade para Galicia.

O obxectivo do convenio encaixa tamén dentro dos obxectivos xerais do plan Re-Forza 2010, impulsado pola Consellería de Economía e Industria e que ten como retos estratéxicos para o tecido empresarial galego a mellora da competitividade e a internacionalización.

ECONOMÍA E INDUSTRIA POSIBILITA A POSTA EN MARCHA EN 2012 DO CENTRO DE EXCELENCIA EN ELECTRÓNICA PARA VEHÍCULOS INTELIXENTES

- *O Consello da Xunta aproba os acordos co Goberno central e coa Fundación para a Promoción da I+D+I na Industria da Automoción de Galicia que fan posible a ampliación do prazo para a construción e posta en marcha do centro*
- *O investimento mantense en 10 millóns de euros financiados pola Consellería de Economía e Industria*
- *O Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes formará parte do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), situado na localidade pontevedresa do Porriño*
- *O seu obxectivo fundamental será levar a cabo actividades de I+D+I e de validación de sistemas e vehículos intelixentes, englobando todos os recursos necesarios para dar resposta ás necesidades futuras do sector*

A Consellería de Economía e Industria asinará os acordos necesarios para ampliar en dous anos o prazo de construción e posta en marcha do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes cun investimento de 10 millóns de euros que a Xunta de Galicia afrontará mediante un crédito reembolsable.

A iniciativa foi aprobada polo Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, considerando as expectativas de mellora da competitividade que a actividade desta nova infraestrutura de innovación tecnolóxica suporá para o sector da automoción, estratéxico para Galicia e afectado de maneira significativa pola crise económica.

Mediante esta decisión asinaranse sendas addendas aos convenios de colaboración ratificados pola Xunta en 2007 co Ministerio de Ciencia e Innovación, que concede o crédito reembolsable, e en 2008 coa Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia, que promove a construción do novo centro.

O Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes formará parte do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), situado na localidade pontevedresa do Porriño. O seu obxectivo fundamental será levar a cabo actividades de I+D+I e de validación de sistemas e vehículos intelixentes, englobando todos os recursos necesarios para dar resposta ás necesidades futuras do sector. A xeración de novas patentes e de procedementos tecnolóxicos que potencien a transferencia dos resultados de investigación ao sector industrial serán dous dos eixes do novo centro, así como a dotación dun número suficiente de grandes especialistas nas súas áreas e a creación de empresas *spin off* de base tecnolóxica para aumentar a competitividade do sector galego da automoción.

Esta nova infraestrutura de innovación tecnolóxica pretende erixirse nun centro de referencia a nivel europeo no campo da electrónica e do software para vehículos intelixentes, no que se prevé que se produzan arredor do 90% das innovacións no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

automóbil durante os próximos anos. Por este motivo, agárdase que o novo centro contribúa de maneira decisiva á consolidación dun polo de competencia en automoción a nivel mundial en Galicia.

As liñas de I+D+I que se levarán a cabo no novo centro centraranse, en liñas xerais, no deseño e desenvolvemento de sistemas intelixentes de axuda á conducción, confort e seguridade.

O centro será un complexo formado por varios edificios nos que se habilitarán, entre outros, un taller de construción e montaxe de prototipos; boxes para proxectos; un laboratorio de deseño electrónico cunha área de fabricación de compoñentes; un laboratorio de calidade e fiabilidade electrónica; un laboratorio de mecatrónica e outro de novos materiais; bancos de ensaios de sistemas dinámicos de vehículos intelixentes; un laboratorio sistemas de conducción asistida; unha infraestrutura de desenvolvemento de software de automoción; unha zona de prototipos con funcións avanzadas, etc. Ademais, haberá espazos para o desenvolvemento de empresas de I+D+i e de base tecnolóxica e unha área de probas capaz de reproducir dunha maneira flexible diferentes contornos de conducción na que se poderán realizar as primeiras probas con vehículos que integran sistemas intelixentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O MINISTERIO COLABORARÁN PARA A MELLORA DAS COMPETENCIAS DO PROFESORADO E DO ALUMNADO DO ENSINO NON UNIVERSITARIO**

- *Ambos os departamentos asinarán un convenio para apoiar a implantación da LOE en Galicia*
- *Isto supón un esforzo orzamentario de máis de doce millóns de euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio do ramo continuarán este curso a colaboración para o programa de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE), a través da sinatura dun convenio a que o Consello da Xunta deu hoxe luz verde. Mediante este acordo, os asinantes comprométense a pór en marcha diversos programas, todos eles encamiñados a facilitar o desenvolvemento da lei e a mellora das competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario.

Unha vez asinado o convenio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria achegará 7.458.855 euros para financiar diversos programas, mentres que a achega do Ministerio de Educación será de 5.297.571 euros.

Programas de acción

A colaboración que hoxe recibiu o visto e praxe ten como obxecto varios programas diferentes. Entre os obxectivos perseguidos destaca a formación do profesorado para dotalo dunha mellor preparación para o desenvolvemento dos novos currículos, dos novos obxectivos; e o apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras para os docentes.

Ademais, ao abeiro deste convenio desenvolveranse iniciativas para a mellora do éxito escolar do alumnado galego e do seu rendemento académico, co fin de propiciar o aumento de alumnas e alumnos titulados en educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria. Neste mesmo sentido, outro dos eixes sobre os que pivota o plan ocuparase de estimular a diminución do abandono temperá da escolarización.

Doutra banda impulsaranse accións para a extensión e modificación do tempo escolar, de tal forma que se favoreza a mellora da aprendizaxe do alumnado a través de actividades fóra do horario escolar, relacionadas, en especial, con actitudes e hábitos saudable, ao tempo que se favorece a conciliación da vida familiar coa escolar.

POLÍTICA LINGÜÍSTICA REFORZA O INTERCAMBIO CULTURAL E LINGÜÍSTICO CON BRASIL EN COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE SÃO PAULO

- *A renovación do convenio entre as dúas entidades impulsará a docencia, a investigación e a difusión da lingua e da cultura galegas desde a universidade*
- *No pasado curso académico 2009-2010 estiveron matriculadas 58 persoas nas materias que se inclúen no currículo*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, renovou o convenio de colaboración coa Universidade de São Paulo, co fin de impulsar a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas no ámbito académico da universidade e mais na súa área de influencia.

Ao abeiro deste convenio, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta, a universidade brasileira comprométese a darlle continuidade á aprendizaxe da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo vixentes, a través da Facultade de Filosofía, Letras e Ciencias Humanas. Así mesmo, a Universidade de São Paulo promoverá a organización de conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas e exposicións, entre outras actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas.

Ademais, a universidade brasileira acollerá un lector de lingua, literatura e cultura galegas por un período de polo menos un ano, que será o encargado de levar a cabo as devanditas actividades.

No pasado curso académico 2009-2010 estiveron matriculadas 58 persoas nas materias de lingua e cultura galega I e II, que se inclúen no currículo. Ademais destas materias o centro de estudos galegos organiza diversas actividades culturais ao longo do ano, que se estima que teñen unha participación superior ás dúas mil persoas.

Impulsar a proxección exterior da lingua galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da súa función dinamizadora da lingua galega e de difusión desta fóra do ámbito territorial de Galicia, ten como obxectivo continuar coa execución do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, mediante a posta en marcha das medidas de actuación recomendadas nel para cada sector social implicado. Desde o punto de vista da proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no Plan é o de "consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico".

A renovación do convenio coa Universidade de São Paulo responde a este interese de desenvolver, estimular e apoiar actividades relativas ao ensino, á investigación e á extensión en áreas do coñecemento vinculadas coa lingua, a literatura e a cultura

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

galegas, así como promover o intercambio cultural e lingüístico entre Galicia e Brasil. Con este fin, a Secretaría Xeral de Política Lingüística tamén mantén convenios de colaboración coa Universidade Federal de Bahia, coa Universidade Federal Fluminense de Niterói e da Universidade do Estado do Rio de Janeiro.

Co obxectivo principal de mellorar os mecanismos de coordinación da acción exterior nestas universidades e de valorar novas canles de difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas en Brasil, a secretaría xeral promoveu recentemente o primeiro Encontro de cátedras e centros de estudos deste país, en colaboración cos responsables das cátedras e centros de estudos galegos do país.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ASPANAEX COLABORARÁN NO TRASLADO DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADES AOS CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO**

- *O acordo cobre os desprazamentos de 19 escolares entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación*
- *Deste xeito refórzase o apoio ás necesidades específicas como sucedeu co recentemente aprobado no consello da Xunta Plan de Discapacitados*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación asinarán un acordo de colaboración para colaborar no traslado de 19 alumnas e alumnos con discapacidades da cidade de Vigo e a súa área de influencia ata os seus centros educativos.

Ao abeiro deste convenio, ASPANAEX e a Consellería ofrecerán a este alumnado un transporte axeitado ás súas necesidades físicas e psíquicas particulares, con todos os requirimentos exixidos para este específico colectivo de escolares, xa que esta asociación utiliza vehículos adaptados, ofrece cuidadores especializados e, así mesmo, adáptase ás necesidades horarias dos alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan. Ademais, cubriranse tanto os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces ao centro escolar como a ou desde o centro en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Educación facilita o acceso á escolarización ao alumnado galego, atendendo á súa diversidade. Neste mesmo sentido Educación puxo en marcha colaboracións na provincia da Coruña coa asociación GRUMICO, e en Pontevedra con AMENCER-ASPACE e ACEESCA.

A Asociación ASPANAEX é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co fin de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para o que colabora con organismos e entidades que teñen relación coa problemática dos discapacitados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ACOMETERÁ AS OBRAS DE POSTA EN VALOR DO CAMIÑO FRANCÉS NO CONCELLO DE SARRIA, AO SEU PASO POR BARBADELO, POR UN IMPORTE DE 280.000 EUROS**

- *O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o concello lucense para a execución das obras no tramo de Barbadelo*
- *O proxecto enmárcase no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, deseñado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que establece actuacións de recuperación en trece tramos do Camiño Francés por un importe superior aos 2,7 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Sarria para a realización das obras de restauración e posta en valor do Camiño Francés, ao seu paso polo tramo de Barbadelo, por un importe de 280.000 euros. Esta é unha das trece actuacións previstas no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que se desenvolven nun total de doce municipios de Galicia polos que discorre o Camiño Francés. A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento, con cargo ao 1% cultural, asinaron un acordo para o cofinanciamento destas trece actuacións de posta en valor cun orzamento total de 2.750.000 euros.

En detalle, as actuacións no contorno de Barbadelo, no Concello de Sarria, centraranse no espazo público comprendido entre o cemiterio parroquial, o campo da festa e o albergue de peregrinos. Estas obras teñen como obxectivo a ordenación deste espazo público e solucionar determinados problemas existentes na actualidade. Para iso mellorárase o pavimento do camiño de acceso que percorre paralelo o muro do cemiterio que perdeu varias pezas do seu aplacamento, o que afectou negativamente a imaxe do espazo público, ademais de rematalo para a súa mellor conservación.

Ademais, canalizaranse as augas pluviais que percorren na actualidade o contorno do campo da festa, instalaranse puntos de iluminación, retiraranse os cables aéreos, plantaranse árbores autóctonas próximas ao muro do cemiterio e instalaranse bancos. Adecuarase o palco da música (actualmente moi deteriorado) para usos múltiples, xa que leva sendo utilizado polos peregrinos nos momentos en que non teñen cabida no albergue, para o que se propón un peche removible. Adecuaranse os pavimentos entre o campo da festa e o albergue, e instalaranse colectores no contorno.

En virtude do convenio autorizado hoxe, a Consellería de Cultura e Turismo comprométese a contratar as obras indicadas, así como á dirección de obra e á coordinación de seguridade e saúde. Pola súa banda, o Concello de Sarria comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos inmobles e dos terreos a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Restauración e posta en valor dos camiños de Santiago**

A primeira fase do Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago, elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, prevé trece actuacións de recuperación da Ruta Xacobeana en doce municipios de Galicia polos cales discorre o Camiño Francés. En concreto, inclúe actuacións nos municipios de Sarria, Portomarín, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Paradela, Monterroso e Palas de Rei na provincia de Lugo; e Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela na provincia da Coruña. O obxectivo da Consellería de Cultura e Turismo é que o Plan se amplíe a todos os camiños de Santiago no seu desenvolvemento futuro.

Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisan unha maior urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan e lles dan forma. O Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos. O programa propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes, lavadoiros, etc.) que serven de punto de encontro para a realización de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que constitúen sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**BENESTAR INVESTIRÁ 8 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE 703 PRAZAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO ANO 2011**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e dúas entidades sociais sen ánimo de lucro na provincia de Pontevedra*
- *Por unha banda, o departamento autonómico financiará con 2,1 millóns de euros un total de 186 prazas nos centros residenciais da Asociación Galega San Francisco (Agasfra) na área urbana de Vigo*
- *Doutra parte, subvencionarase con máis dun millón de euros 68 prazas no centro residencial asistencial das Escravas da Virxe Dolorosa, en Crecente*
- *Ademais, deuse o visto e praxe á prórroga de tres expedientes que posibilitará o mantemento de 449 prazas máis para persoas con discapacidade en centros residenciais, de día e ocupacionais distribuídos por toda a xeografía galega*

O Goberno galego destinará en 2011 máis de 8 millóns de euros para o mantemento dun total de 703 prazas para persoas con discapacidade en toda a xeografía galega. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e dúas entidades sociais sen ánimo de lucro, e deu o visto e praxe á prórroga de tres expedientes para o mantemento de prazas en centros residenciais, de día e ocupacionais.

No tocante aos convenios de colaboración, o departamento autonómico, por unha banda, subvencionará con máis de 2,1 millóns de euros un total de 186 prazas nas residencias da Asociación Galega San Francisco (Agasfra) na área urbana de Vigo. En concreto, financiaranse 87 prazas no centro residencial ocupacional; 95 prazas no centro residencial asistencial de adultos; e 4 prazas no centro residencial asistencial de menores.

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar investirá máis dun millón de euros no mantemento de 68 prazas no centro residencial asistencial das Escravas da Virxe Dolorosa- A Nosa Señora de Fátima e Cristo Rei, na localidade de Crecente.

Así mesmo, o Consello da Xunta deu o visto e praxe á prórroga de tres expedientes que posibilitará o mantemento de 449 prazas máis para persoas con discapacidade en centros residenciais, de día e ocupacionais distribuídos por toda a xeografía galega. Para iso, o Goberno galego investirá máis de 4,9 millóns de euros.

Galicia conta na actualidade con 4.879 prazas de discapacidade das cales o Goberno galego puxo en marcha un total de 548 desde abril de 2009, é dicir, incrementou a oferta de prazas para as persoas con discapacidade nun 12,6 por cento.

Por provincias, na Coruña este aumento foi de 385 prazas; 14 en Lugo; 75 en Ourense; e as 74 prazas restantes en Pontevedra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, a aposta do Goberno galego polas persoas con discapacidade reflíctese no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013, que se aprobou recentemente no Consello da Xunta e que xa se está a aplicar na Comunidade Autónoma.

Entre as 300 medidas que recolle esta iniciativa, destaca a nova Lei de accesibilidade, que ten como un dos seus principais obxectivos mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e eliminar os obstáculos existentes, así como impedir a creación doutros novos. Trátase da primeira vez que en Galicia traballan conxuntamente a Administración autonómica, representantes das entidades locais, o movemento asociativo e axentes integrantes do Diálogo Social co fin de consensuar unha política común en materia de discapacidade.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE PLANIFICA A ASISTENCIA AO TRASTORNO MENTAL GRAVE PARA O PERÍODO 2010-2014

- *Con estas medidas, o departamento que dirixe Pilar Farjas pretende avanzar na reforma psiquiátrica iniciada hai 20 anos, planificando un modelo asistencial común a todas as áreas sanitarias*
- *Organízanse os recursos tendo en conta o diferente momento evolutivo da enfermidade, sen perder de vista a cronicidade e as necesidades sociais de cada persoa*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade en que se recollen diversas medidas destinadas á mellora da atención á saúde mental na nosa Comunidade Autónoma para os vindeiros anos.

O documento presentado por Pilar Farjas recolle unha planificación estruturada da atención sanitaria no período 2010-2014, co obxectivo de mellorar a asistencia aos pacientes con patoloxía mental, de tal xeito que o acceso aos recursos sexa equitativo para toda a Comunidade Autónoma.

Ademais, búscase, con esta planificación, a prevención da cronicidade, favorecendo a rehabilitación funcional, co fin último da plena integración do paciente con trastorno mental na sociedade. Preténdese, tamén, unha maior eficiencia dos recursos con base nunha mellor organización do proceso da atención e adaptado ao modelo de xestión por procesos vixente na nosa comunidade, e desde as fases iniciais das enfermidades.

Toda esta planificación que recolle o informe hoxe tratado no Consello suporá a mellora da atención á saúde mental en xeral, posto que a prestación dunha asistencia de calidade tamén repercutirá na diminución dos reingresos de pacientes con trastornos mentais graves. Así pois, organízanse os recursos para cada momento evolutivo da enfermidade, segundo cada necesidade, e tendo en conta tamén a cronicidade e as necesidades sociais de cada persoa en cada momento da enfermidade.

Con esta iniciativa, Sanidade modernizará a rede galega de atención ao trastorno mental grave. Ademais, foméntase a eliminación do estigma da enfermidade mental, asociada, en moitas ocasións, á institucionalización e ao illamento.

Xunto con todo o anterior, a creación e posta en marcha dos novos hospitais de Lugo, Vigo e Pontevedra favorecerá o desenvolvemento de novos dispositivos asistenciais. A iso haberá que engadir o proceso de integración do persoal en saúde mental dependente da Deputación de Lugo, o que posibilita unha oportunidade inigualable para finalizar a reforma psiquiátrica e planificar unha estrutura semellante en todas as áreas sanitarias.

Período 2010-2014

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O período para levar a cabo esta planificación, tal e como recolle o informe, é o 2010-2014. Así, no vindeiro ano producirase a integración do centro San Rafael da Deputación de Lugo e remataranse as obras nos dispositivos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, entre as que destaca a próxima creación da unidade de hospitalización infanto-xuvenil de Galicia, adscrita ao Servizo de Psiquiatría, e que contará con nove camas para nenos e adolescentes.

Xunto co anteriormente sinalado, a poboación con enfermidade mental grave situarase nos diferentes recursos existentes en función das necesidades sanitarias, sociais ou sociosanitarias de cada paciente.

Neste sentido, desde a mellora e reorganización dos dispositivos e estruturas asistenciais xa existentes, así como as grandes posibilidades que achegarán os novos hospitais que se crearán na nosa Comunidade nos vindeiros anos, considérase o momento máis oportuno para o desenvolvemento de unidades de Psicose Refractaria, dispositivos especializados destinados ao tratamento intensivo e integral de pacientes con trastornos psicóticos que non responden aos tratamentos habituais e que sofren continuas recaídas ao longo da súa enfermidade.

Ademais, continúa traballándose nos criterios clínicos de ingreso nos diferentes dispositivos de rehabilitación psiquiátrica hospitalaria.

Asemade, procederase a aumentar o número de prazas existentes nos dispositivos comunitarios como centros de rehabilitación psicosocial e laboral, pisos protexidos e residencias.

En definitiva, con esta reforma preténdese garantir a mellor atención ao paciente con trastorno mental grave, facilitando o seu acceso ao recurso que maior beneficio lle achegue, segundo o momento evolutivo da súa enfermidade.

A CAMPAÑA DO BONITO DO NORTE DE 2010 XEROU O MAIOR VOLUME ECONÓMICO EN GALICIA DOS ÚLTIMOS SEIS ANOS CUN VALOR DE MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería do Mar destaca a recuperación da etiqueta verde identificativa como elemento que axudou á revalorización do túnido*
- *Este ano descargáronse en lonxa máis de 3.500 toneladas deste túnido, o que supón un valor económico de máis de 13 millóns de euros*
- *As descargas da costeira do bonito durante a campaña costeira deste ano superaron nun 56% ás de 2009 e as vendas foron un 45% superiores respecto do ano anterior*
- *Estes resultados reafirman a aposta da Consellería do Mar pola mellora da valorización e da comercialización deste produto*

A Consellería do Mar destaca que a campaña do bonito de 2010 xerou o maior volume económico en Galicia dos últimos seis anos cun valor de máis de 13 millóns de euros. Así o especifica o informe sobre a costeira deste ano presentado esta mañá ao Consello da Xunta e que explica que durante a campaña, que se prolongou de principios de xuño a mediados de novembro, as descargas en lonxa foron superiores ás 3.500 toneladas, o que supuxo o maior valor económico desde 2005. Estes resultados reafirman a aposta da Consellería do Mar pola mellora da valorización e da comercialización deste produto, ao que contribuíu de forma significativa a recuperación da etiqueta verde.

En total foron 112 as embarcacións con porto base en Galicia autorizadas para participar na campaña boniteira. Deses barcos con porto base en Galicia autorizados dirixiron a súa actividade cara ao bonito do norte 52. Este dato aumentou respecto do ano pasado, en que a cifra era de 43 barcos. Ademais destas cifras, o documento recolle que as descargas da costeira do bonito deste ano superaron nun 56% as de 2009, en que se descargaron en lonxa máis de 2.200 toneladas, e que as vendas deste túnido foron un 45% superiores respecto do ano anterior, en que as vendas supuxeron algo máis de 9 millóns de euros. O prezo medio foi un 10% maior respecto de 2009, pasando de case 3,80 a case 4,20 en 2010.

Se atendemos á mesma comparativa respecto da media dos cinco anos anteriores, este ano as descargas foron superiores nun 22% e o seu valor en lonxa nun 45%. O prezo medio tamén se incrementou en máis dun 27%. Estes resultados positivos débense á mellora do valor medio do produto que subiu nun 35% desde 2005 e favoreceron o aumento dos ingresos de embarcacións que padecían dificultades pola escaseza de cotas e cotizacións noutras pesqueiras como a pescada e a xarda. Ademais, este tipo de pesca ten escasos gastos respecto doutras actividades que teñen custos de ceba e reparación de aparellos e é respectuosa co ambiente.

Apoio da Xunta

Para contribuír á valoración do bonito do norte e á súa pesqueira, a Consellería do Mar promoveu actuacións de promoción como a campaña *Faino Bonito* e tamén de apoio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

loxístico á costeira. A Xunta distribuíu máis de 250.000 etiquetas de cor verde nos portos galegos vinculados a esta actividade para identificar e diferenciar o bonito do norte. Nos puntos de venda adheridos e nas lonxas tamén se repartiron 60.000 trípticos, 500 carteis e 300 *displays*. Ademais, a campaña conta coa web www.fainobonito.com, que contén numerosas receitas e suxestións para preparar o bonito.

Por outra banda, a Xunta colaborou coa frota galega nesta campaña poñendo á súa disposición os buques Irmáns García Nodal e Sebastián de Ocampo, que alternaron a súa estada na zona de pesca en períodos de 15 días de traballo cada un. Ambos dispuxeron de conexións de radio directa cos servizos médicos do Complexo Hospitalario da Coruña, do SERGAS e de diplomados en enfermaría para dispensar axuda médica básica aos mariñeiros. Tamén contaron con mergulladores e mecánicos para atender, se fose preciso, emerxencias ou avarías dos barcos que pescan o bonito. Ademais os dous helicópteros de Gardacostas, o Pesca I e o Pesca II, estiveron á disposición da frota, unha vez que esta estaba ao alcance do raio de acción das aeronaves, para actuar ante calquera continxencia, pero non foi precisa a súa intervención.